

Informe **SET**rg de
**IMPACTO
ECONÓMICO**

do CAMPEONATO de ESPAÑA MASTER
de NATACIÓN

Pontevedra, Xaneiro 2011



Indice

Pag. 3

Contextualización y descripción del evento

Pag. 4

Metodoloxía

Pag. 5

Obtención de datos: entrevistas e enquisas
Estimación do impacto económico

Pag. 7

Resultados
Perfil dos participantes-espectadores

Pag. 11

Información turística
Impacto económico positivo na cidade de Pontevedra

Pag. 12

Impacto económico negativo na cidade de Pontevedra

Pag. 13

Impacto Neto para a cidade de Pontevedra

Pag. 15

Referencias bibliográficas



O presente informe corresponde ao Contrato de Investigación asinado polo Instituto Municipal de Deportes de Pontevedra e a Universidade de Vigo co obxectivo de analizar os efectos económicos da celebración no municipio de Pontevedra do XVII Campionato de España "Open" de Inverno Máster de Natación en xaneiro de 2011. Paralelamente ponse de manifesto o perfil dos asistentes a este evento dende un punto de vista do perfil de "turista deportivo" a partir da realización dunha enquisa específica para o evento.

Elaborado por:

SETrg
Universidade de Vigo

SETrg é un grupo de investigación da Universidade de Vigo en Economía do Deporte, Industria do Ocio e Turismo (Sport, Entertainment & Tourism).

Compoñentes:

Ángel Barajas Alonso
Patricio Sánchez Fernández
Mercedes Mareque Álvarez
Olalla Santos López

Contacto:

Facultade de Empresariais e Turismo
Campus Universitario
32004 OURENSE

Tfno: 988 36 87 00

Fax: 988 36 89 23

email: abarajas@uvigo.es,
patricio@uvigo.es

É coñecida a tradición de Pontevedra como cidade afanada co deporte. Este municipio conta con numerosas instalacións deportivas e cun gran número de clubs e deportistas federados (moitos deles de elite). Este aspecto visualízase coa importante presenza de federacións deportivas territoriais, o Centro Galego de Tecnificación Deportiva ou a Facultade de Ciencias da Educación e o Deporte. Do mesmo xeito, Pontevedra vén de ser recentemente sede de eventos deportivos de carácter nacional e internacional.

No campo da natación de competición as orixes desta disciplina na cidade remóntanse á creación do Club Natación Pontevedra que, na década dos oitenta, supuxo o pistoletazo de saída. Outro feito importante foi a constitución do entón Club Natación Budo (posteriormente C.N. Galaico) que deu un salto cualitativo situando a natación pontevedresa na elite non só da natación galega senón da española. Finalmente, a fusión esta tempada destes dous clubs nun só, o Club Natación Galaico Sercoysa, permite augurar a favorable progresión deste deporte na cidade, con deportistas situados no máis alto do podium nacional e internacional.

A natación máster, destinada a nadadores maiores de 20 anos, ten unha orixe moito máis recente no tempo. Con todo, Pontevedra pronto acolleu (e con forza) este movemento. De feito, o Club Master Pons Vetus é un dos veteranos da Comunidade e mantense como o referente en canto a clubs exclusivos de natación máster. Ademais, o mencionado Club Natación Galaico Sercoysa, conta cunha importante sección de natación máster.

En canto a instalacións aptas para a práctica da competición, a cidade conta con tres piscinas: o Estadio da Xuventude, Campolongo e o Complexo Deportivo de Pontemuiños. Esta última permitiu dispor dun recinto para a celebración de probas de natación ao máis alto nivel, que ata o de agora se concretan en dous Campionatos de España de Natación, outro Campionato de España Máster (anterior ao aquí estudado) e un partido internacional da selección española de waterpolo.

O XVII Campionato de España “Open” de Inverno Máster de Natación, celebrado en Pontevedra entre os días 27 e 30 de xaneiro de 2011, contou con 1.048 participantes. A mecánica da competición dividía aos participantes por rango de idade (de 5 anos) realizando dous tipos de probas, individuais e de substitucións.

Os participantes pertencían a equipos procedentes de todas as comunidades españolas. Tamén houbo representación internacional de equipos procedentes de Portugal, Italia, Arxentina e Rusia. A maioría dos asistentes a este Campionato son participantes. Isto é, fronte ao que ocorre en categorías menores, non adoita haber acompañantes, senón que todos toman parte na competición.



O informe céntrase na avaliación dos efectos económicos derivados do XVIII Campionato de España "Open" de Inverno Máster de Natación, os días 27 a 30 de xaneiro de 2011, na cidade de Pontevedra. Para iso optamos polo método da Análise Custo-Beneficio (ACB). Este método resulta moi útil para avaliar impactos económicos derivados da celebración de eventos.

A información necesaria obtívose mediante a realización de entrevistas aos organizadores e unha enquisa aos asistentes. Despois da obtención dos datos, realizouse unha estimación directa do impacto producido por ambos.

Ilustración 1: Pasos do método coste-beneficio.



Fonte: Elaboración a partir de Rodríguez Guerrero (2008)

No caso do evento analizado, a celebración do XVIII Campionato de España "Open" de Inverno Máster de Natación en Pontevedra, podemos observar na Ilustración 2 os custos e beneficios que se poden producir.

Ilustración 2: Beneficios e custos do evento




Fonte: Elaboración propia

2.1. Obtención de datos: entrevistas e enquisas

Os participantes e espectadores foron enquisados os días do evento na propia piscina por un equipo de enquisadores da Universidade de Vigo. En total, a enquisa foi realizada a 275 persoas, das cales un 86,3% non residían en Pontevedra.

As entrevistas á organización foron tanto previas como con posterioridade ao evento. Estas entrevistas leváronse a cabo de maneira directa e persoal. Doutra banda, dende a organización facilitáronnos os datos que solicitamos e responderon ás cuestións que realizamos.



2.2. Estimación do impacto económico

Estimacións relativas ao gasto

A información recollida nas entrevistas e enquisas serviu de base para a estimación do importe total do impacto económico do evento na cidade. As estimacións calculáronse de forma directa e indirecta. Por unha banda, a información procedente das entrevistas e as enquisas facilitou algúns datos que se puideron aplicar directamente ao cálculo.

Doutra banda, para aqueles elementos de ingreso ou custo sen información directa, tivemos que realizar unha estimación indirecta. No caso dos espectadores resulta imprescindible extrapolar os datos procedentes das enquisas ao público total asistente estimado.

Estimacións relativas aos asistentes

Aos participantes e espectadores cuestionóuselles sobre os seus gustos e sobre os gastos realizados na cidade. En canto ao gasto realizado na cidade, unha pregunta tan directa resulta difícil que sexa contestada, debido a isto, optouse por propor tres tipos de preguntas diferenciadas para poder tratar os datos da maneira máis rigorosa posible. Preguntábanse por orde e, se non se obtiña resposta, ofrecíase a seguinte como alternativa.

A partir destas preguntas púidose determinar que o gasto medio na cidade de Pontevedra foi de 319,27 euros por persoa.

Para estimar o público total asistente ao evento partimos do número de inscritos no Campionato. Por ese motivo empregamos o dato de 1.048 inscritos para realizar os cálculos do impacto económico. A esa cifra restámoslle os inscritos dos 2 clubs de Pontevedra. Ademais dos participantes, asistiron algúns espectadores que non competían, esta cifra hai que sumala ao total de inscritos. Estimouse que o número de espectadores que asistiron a este Campionato foi de 162 persoas.

Por último, é necesario descontar aqueles que pensaban vir noutro momento e cambiaron a data facéndoa coincidir co campionato (*time-switchers*) e aqueles que participaron na competición porque se atopaban xa na cidade (*casuals*). Finalmente, obtemos que o total de persoas que imos ter en conta para medir o impacto económico deste evento é de 1.181.

Estimacións relativas á organización

Para efectuar a estimación directa do impacto económico preguntóuselle á Organización sobre os gastos en que incorreron para celebrar o Campionato de España “Open” de Inverno Máster, e que ingresos obtiveron para financialo. A Organización proporcionou os datos económicos relativos ao evento, desagregados naqueles realizados fóra da cidade de Pontevedra e os que se efectuaron nela. Desta maneira, a partir desa información, determinamos os efectos positivos e negativos para Pontevedra seguindo o esquema da Ilustración 3.

Con respecto aos gastos, distinguíuse se os provedores eran de fóra de Pontevedra, os cales supoñen un custo para a cidade. Se eran da cidade, considéranse un ingreso para a mesma. O gasto relacionado con provedores de fóra de Pontevedra implica un efecto negativo para esta, xa que supón unha perda de riqueza para a cidade.

Ilustración 3: Efecto dos gastos e ingresos da organización do Campionato de España "Open" de inverno Máster de Natación.



3.1. Perfil dos participantes-espectadores

Outro dos obxectivos do estudo é coñecer o perfil dos asistentes ao Campionato de España “Open” de inverno Máster. Para iso na enquisa formuláronse unha serie de preguntas que axudan a definir o público asistente.


O primeiro punto a destacar é que a maioría dos asistentes eran participantes (83%). En canto ás características demográficas o 59% dos asistentes eran homes e as 41% mulleres. Por tanto, nun Campionato destas características participan de maneira indistinta persoas de ambos sexos. Con respecto á idade, non atopamos un perfil claramente definido. Participan persoas de idades moi dispares, isto tamén pode estar influído porque neste Campionato existen categorías que van desde os 20 anos en diante.

Ao tratarse dunha competición de ámbito estatal, os asistentes a este evento proceden de case todas as comunidades de España. No obstante, dáse unha importante concentración de persoas procedentes de Madrid (15%), Barcelona (13%), Illas Canarias (10%), Valencia (8%), Asturias (8%), e Illas Baleares (4%). Este feito vén motivado porque a maioría dos equipos participantes proveñen destes lugares que, ademais, son sede dos equipos máster máis importantes.

Asemade, referente á profesión tampouco se observa un perfil claro. A ocupación dos asistentes é moi dispar. En todo caso cabe sinalar que as profesións que máis se repetiron son: estudante (12%), profesor (10%), monitor de natación (8%), xubilado (7%) e funcionario (6%).



Ilustración 4: Ocupación dos asistentes ao Campionato.




Con respecto ás cuestións organizativas do evento, un aspecto de interese refírese a como coñeceron a celebración do Campionato de España “Open” de Inverno Máster. Neste caso, como era de esperar, case un 87% das persoas enquisadas reconece que se obtivo a información a través do club ao que pertence.

Igualmente, da enquisa despréndese que case o 100% dos asistentes ao evento acudiron unicamente con motivo da celebración do Campionato. Con todo, é importante sinalar que os asistentes aproveitan esta visita para realizar outro tipo de actividades na cidade. Un 79% dos enquisados afirma que comerá en restaurantes da cidade, e un 59% tamén manifestou a súa intención de realizar compras na mesma.

En relación á asistencia a este evento hai que ter en conta que o campionato tiña unha duración de 4 días (de xoves a domingo). Por tanto, a media dos días que os asistentes pasaron na cidade case coincide con esta cifra. A partir disto cabe mencionar que un 93% reconece que vai pasar a noite na cidade e arredores. A gran maioría (un 68%) pasou 3 noites na cidade e arredores.


Os medios de transporte máis utilizados para acudir ao evento polos asistentes foron principalmente o avión (40%) e o coche (42%). Nesta pregunta, os enquisados manifestaron que tiveron que utilizar varios medios de transporte para chegar ata a piscina de Pontemuiños na cal se celebraba o campionato.

Ilustración 5: Medios de transporte empregados.




O aloxamento escollido pola gran maioría, e o que prefiren os enquisados, é o hotel (84%). O medio máis utilizado polos asistentes para xestionar ou reservar o aloxamento foi Internet cun 45%.

Ilustración 6: Xestión do aloxamento escollido.



A partir das preguntas referentes ao que os asistentes tiñan pensado gastarse en Pontevedra ao longo da súa estancia, determinouse que o gasto por persoa (319,27 euros) dedicábase principalmente a aloxamento (29,7%) e comida (20,6%).

Ilustración 7: Distribución do gasto dos asistentes.



A gran maioría dos enquisados afirma que lle gustaría volver en anos posteriores a Pontevedra (77%). Doutra banda, só un 25% recoñeceu que na súa decisión de participar ou asistir ao campionato influíu o feito de que as probas se levasen a cabo en Pontevedra. Maioritariamente, un 98%, confirmou sentirse satisfeito coa organización do Campionato de España “Open” de inverno Máster.

Tanto a imaxe da cidade de Pontevedra como lugar para celebrar o evento, como a imaxe do evento en xeral, recibiu unha puntuación moi positiva por parte dos enquisados (en ambos os casos por riba do 4 sobre 5). En canto á imaxe de Pontevedra como un lugar de destino de vacacións a puntuación obtida tamén foi positiva, obtendo un 3,8 de media.

Ilustración 8: Valoración da imaxe de Pontevedra.

Imaxe do evento en xeral	4,26%
Imaxe da cidade como lugar para celebración do evento	4,19%
Imaxe da cidade como destino de vacacións	3,83%


3.2. Información turística

Na enquisa aos asistentes tamén se lles preguntou acerca de cuestións relacionadas co turismo e a imaxe que eles teñen da cidade de Pontevedra. En canto a se botan algo de menos turisticamente na cidade, a inmensa maioría (un 97%) afirmou que non bota nada de menos con respecto a outras cidades que coñecen neste sentido.

Doutra banda, un 63% dos enquisados afirma contar con suficiente información sobre a cidade. Ademais un 38% recoñece obter esta información a través de internet e case un 29% afirma que a obtivo mediante a Organización do Campionato.

Á hora de comparar este evento con outros campionatos deste estilo aos que acudisen, a maioría dos enquisados consideran que o Campionato de Pontevedra é igual ou mellor que os demais campionatos da súa categoría.

Ilustración 9: Comparación do Campionato con anteriores.



3.3. Impacto económico positivo na cidade de Pontevedra

Dende o punto de vista económico, son positivos para a cidade aqueles gastos que entidades de fóra de Pontevedra fixesen na mesma, os ingresos obtidos para financiar o evento e os investimentos ou subvencións percibidas de patrocinadores ou entes públicos de fóra da cidade. Con todo, non se terán en conta aqueles gastos que realizasen entidades da cidade de Pontevedra dentro da mesma, porque só proporcionan un beneficio residual para a cidade, procedente do efecto multiplicador que a circulación dese diñeiro poida producir na economía local.

Os ingresos que a organización, como entidade pontevedresa, recibiu pola celebración do Campionato supoñen un impacto económico positivo na cidade. Neste aspecto inclúense as cotas pagas polos participantes de fóra de Pontevedra, as vendas realizadas de materiais e as subvencións recibidas para a celebración deste evento, ben por parte da Deputación de Pontevedra ou ben da Xunta de Galicia. Con todo, a subvención do Concello de Pontevedra non se pode incluír aquí posto que é diñeiro da cidade que podería reverter na cidade ou, mesmo, que se pode destinar a pagos de provedores de fóra da cidade. Algo similar ocorre co diñeiro procedente da Deputación ou da Xunta.

O importe total de ingresos que recibiu a organización pola celebración deste campionato e con repercusión na cidade de Pontevedra ascenden a 25.433,91 euros. Esta cantidade supón o impacto económico positivo na cidade.

3.4.

Impacto económico negativo na cidade de Pontevedra

O impacto económico negativo provén dos gastos que a organización realiza fóra da cidade de Pontevedra. É dicir, aqueles fondos da cidade ou conseguidos pola organización que se trasladaron a outros lugares. Para a celebración do Campionato, a organización tivo que acudir a provedores doutros lugares de Galicia e de fóra da comunidade galega.


Táboa 1: Detalle dos gastos da organización segundo a orixe dos provedores.

Concepto	Importe
Gastos da organización con provedores da cidade	22.767,00 €
Gastos da organización con provedores do resto de Galicia	24.018,35 €
Gastos da organización con provedores de fóra de Galicia	4.752,24 €

Fonte: elaboración propia a partir dos datos da organización.

Na Ilustración 10 podemos observar a repartición dos gastos que a organización realizou con provedores procedentes de fóra da cidade da Pontevedra. Ese gasto suporá unha redución de recursos para a cidade.

Ilustración 10: Gastos da organización cos provedores de fóra de Pontevedra.



Táboa 2: Gastos da organización cos provedores de fóra da cidade

Concepto	Importe
Gastos da organización con provedores do resto de Galicia	24.018,35 €
Gastos da organización con provedores de fóra de Galicia	4.752,24 €
Total gastos da organización con provedores de fóra de Pontevedra	28.770,59 €

Fonte: elaboración propia a partir dos datos da organización.

Como se pode observar na Táboa 2, o importe dos gastos que realizou a organización, e que foron para a outros lugares da xeografía española, é de 28.770,59 euros. Este importe constitúe o impacto económico negativo do evento.

3.5. Impacto Neto para a cidade de Pontevedra

Na Táboa 3 mostramos, a modo de resumo, os gastos e ingresos que teñen repercusión na cidade de Pontevedra e os seus importes totais.

Táboa 3: Gastos e ingresos con repercusión económica na cidade de Pontevedra.

Concepto	Importe
Ingresos totais con repercusión na cidade de Pontevedra	25.433,91 €
Gastos da organización con provedores de fóra de Pontevedra	28.770,59 €
Recursos netos que saíron da cidade de Pontevedra	3.336,68 €

Fonte: elaboración propia a partir dos datos da organización.



Como conclusión pódese dicir que os gastos nos que incorreu a organización fóra da cidade de Pontevedra foron maiores que os ingresos percibidos por esta mesma razón. Polo tanto, supoñen unha redución neta de recursos de 3.336,68 euros.

Polo tanto, tal e como se aprecia na Táboa 4, o impacto económico neto que supuxo a organización do Campionato Máster de Natación na cidade de Pontevedra supera os 370.000 euros.

Táboa 4: Impacto económico neto do evento.

Concepto	Importe
Impacto económico xerado polos asistentes	377.057,87 €
-Recursos netos que saíron da cidade de Pontevedra	-3.336,68 €
Impacto económico neto	373.721,19 €

Fonte: elaboración propia a partir dos datos da organización e das enquisas.

O impacto económico neto que supuxo a organización do Campionato Máster de Natación na cidade de Pontevedra supera os 370.000 euros. Outra información de interese vén dada polo impacto por día de celebración. Neste caso o impacto diario resultante é de 93.430,30 euros.

Finalmente, resulta interesante determinar a ratio de retorno que tivo o diñeiro público destinado ao financiamento do evento. Os fondos procedentes do Concello de Pontevedra e a parte correspondente á cidade do diñeiro con orixe na Deputación Provincial e a Xunta ascenden a 24.066,09 euros. Podemos concluír que a ratio de retorno do financiamento público é de 15,53. É dicir, que por cada euro que a administración local destinou á organización do Campionato Máster de Natación ingresáronse 15,53 euros nos diferentes negocios da cidade.

Táboa 5: Resumo da información do impacto económico.

Concepto	Importe
Impacto económico neto	373.721,19 €
Impacto económico diario	93.430,30 €
Ratio de retorno do financiamento público	15,53 €

Fonte: elaboración propia a partir dos datos da organización e das enquisas.



Burns, J. P. A., Hatch, J. H., y Mules, T. J. (1986). The Adelaide Grand Prix: The impact of a special event. The Centre for South Australian Economic Studies, Adelaide.

Cerezuela, B. (2003). La información y documentación deportiva y los grandes eventos deportivos. Centro de Estudios Olímpicos y del Deporte, Málaga.

Corral José A, Puigvi, Sara, Ferrer, Lluís (2009): "¿Cómo ha ido la feria?" Estimación del impacto económico de acontecimientos turísticos: tres estudios de caso", Cuadernos de Turismo, Núm. 24, pp. 9-27

Jago, L., y Shaw, R. (1998). "Special events: A conceptual and definitional framework". Festival Management and Event Tourism, nº 5, pp. 21-32.

Jones, L. (1976), "The Measurement of Hirschmanian Linkages", Quarterly Journal of Economics, 90, pp.323- 333.

Latiesa, M. Y Paniza, J.L. (2006): "Turistas deportivos. Una perspectiva de análisis". Revista Internacional de Sociología (RIS), Vol. LXIV, Nº 44.

Lemos, Mº J. (2010): Impacto económico del Rally de Ourense, Universidade de Vigo.

Lemos, M.J, Barajas, A. & Sánchez, P. (2009). "Impacto económico eventos deportivos de reducida dimensión". I Congreso Hispano Americano de Economía del Deporte, Gijón, mayo 2009.

Parent, M.M & Seguin, B. (2007). "Factors That Led to the Drowning of a World Championship Organizing Committee: A Stakeholder Approach". European Sport Management Quarterly, Routledge.

Poveda Andrés, J. L., Hernández Sansalvador, M., Díez Martínez, A. M., y García Gómez, C. (2004). "Análisis coste-beneficio del proceso de semiautomatización en la preparación de dosis unitarias por el servicio de farmacia". Farmacia Hospitalaria, nº28(2), pp.76-83.

Ramírez J.M, Ordaz, J.A, y Rueda, J.M (2007): "Evaluación del impacto económico y social de la celebración de grandes eventos deportivos a nivel local: el caso del Campeonato de Tenis femenino de la ITF en Sevilla en 2006", Revista de métodos cuantitativos para la economía y la empresa, PP 20-39.

Rodríguez Guerrero, P. (2008). Análisis del impacto económico de la celebración del Campeonato del Mundo de Patinaje de Velocidad celebrado en Gijón. Informe de la FOED.

Servicios profesionales integrales para el deporte, S. C. (2008): Dimensionamiento del Impacto Económico y Turístico de los Eventos Deportivos realizados en el país, México.

Sport England, (1999). Measuring Success 2: The Economic Impact of Major Sports Events. Londres

Velasco, M., y Rodríguez-Monguió, R. (2009). "Análisis coste-beneficio: Metodología y utilidad en la toma de decisiones sanitarias". Investigación Centro de Estudios en Economía de la Salud y de la Política Social.

Wilson, R. (2006). "The economic impact of local sport events: significant, limited or otherwise? A case study of four swimming events". Managing Leisure, Vol. 11, nº 1.



SETrg
Universidade de Vigo